



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Infraestructuras e Mobilidade

*Modificación das normas para a obtención e renovación da tarxeta Millennium*

#### ANUNCIO

#### MODIFICACIÓN DAS NORMAS PARA A OBTENCIÓN E RENOVACIÓN DA TARXETA MILLENNIUM

O concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Mobilidade, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 28.06.2019, BOP núm. 124 do 03.07.2019), mediante resolución de data 21.02.2022, resolveu aprobar a modificación das normas para a obtención e renovación –de ser o caso– da Tarxeta Millennium, tanto xeral como con perfil social, tanto física como virtual, así como os medios para acreditar os requisitos necesarios para obtela, que quedan redactadas da seguinte maneira:

#### NORMAS PARA A OBTENCIÓN E RENOVACIÓN DA TARXETA MILLENNIUM

##### 1. TARXETA MILLENNIUM XERAL.

A solicitude de Tarxeta Millennium poderá ser realizada por calquera persoa. A tarxeta, en caso de ser física, será recibida no domicilio consignado na solicitude ou poderá ser retirada nas oficinas municipais tramitadoras da Tarxeta Millennium por unha persoa debidamente acreditada, ben sexa a propia titular, ben unha persoa autorizada.

##### Requisitos:

Abono da taxa de 3,00 €, ou de 7,00 € en caso de reposición por roubo, extravío, deterioro ou calquera outra causa imputable ao uso inadecuado da tarxeta.

##### Documentación:

- DNI/NIE/pasaporte ou carné de conducir orixinal da persoa solicitante; se esta é menor, o DNI/NIE/pasaporte ou carné de conducir da nai, o pai, ou da persoa que exerza a tutela.  
Se a persoa beneficiaria é menor de idade, a solicitude virá asinada por unha persoa responsable maior de idade.
- Número de teléfono móbil e/ou correo electrónico, que servirán de canle de comunicación para calquera xestión relacionada coa Tarxeta Millennium.

Esta documentación é tamén necesaria para a expedición da Tarxeta Millennium con perfil social, ademais do establecido no seguinte apartado.

##### 2. TARXETA MILLENNIUM SOCIAL.

##### Requisitos aplicables a todos os perfís da Tarxeta Millennium social:

A solicitude de Tarxeta Millennium con perfil social, poderá ser realizada por calquera persoa. A tarxeta, en caso de ser física, será recibida no domicilio consignado na solicitude ou poderá ser retirada nas oficinas municipais tramitadoras da Tarxeta Millennium por unha persoa debidamente acreditada, ben sexa a propia persoa titular, ben unha persoa autorizada.

A activación do perfil social efectuarase en calquera caixeiro da entidade colaboradora ABANCA.

As persoas titulares de Tarxetas Millennium con perfil social, ademais de cumprir todas as normas, requisitos e obrigas recollidas no clausulado do contrato, están obrigadas a custodiar a tarxeta e a adoptar todas as precaucións adecuadas e necesarias para garantir o seu uso exclusivo pola persoa titular. Queda prohibido en toda circunstancia o seu uso por terceiras persoas. No suposto de que se detecte que unha tarxeta con perfil social é empregada por persoa que non sexa a súa titular, incoarase o oportuno expediente sancionador.

Todas as persoas solicitantes deberán achegar un número de teléfono móbil e/ou un correo electrónico, que servirán de canle de comunicación para calquera xestión relacionada coa Tarxeta Millennium.

A autorización de acceso aos datos que obren sobre as persoas interesadas na Axencia Tributaria realizarase cubrindo o Modelo de autorización del interesado para que una Administración Pública pueda obtener datos de la Agencia Estatal de Administración Tributaria, tanto para a persoa solicitante como para o resto de membros da unidade familiar.

### 2.1. Persoas desempregadas:

#### Requisitos

A persoa solicitante deberá:

- Estar empadroadada no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses.
- Estar en situación de desemprego cunha antigüidade mínima dun mes desde a última data de alta.
- Non estar de alta na Seguridade Social, para o caso de persoas estranxeiras en situación administrativa irregular que non teña residencia legal no país.
- Ser maior de 16 anos e non ter a condición de persoa xubilada.

#### Documentación

- DNI orixinal.
- Declaración responsable de cumprir os requisitos anteriormente citados e os indicados no apartado 4.2 destas normas, así como que autoriza ao Concello da Coruña ao acceso aos datos dos servizos públicos de emprego e da Tesourería Xeral da Seguridade Social necesarios para comprobar que se cumpren estes requisitos, segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución.
- As persoas estranxeiras en situación administrativa irregular que non teñan residencia legal no país deberán presentar a declaración responsable de que cumpren os requisitos e que autorizan ao Concello da Coruña ao acceso aos datos do Instituto Nacional da Seguridade Social necesarios para a comprobación do declarado, segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución.

Esta tarxeta ten unha validez de seis meses, sempre que a persoa solicitante se manteña empadroadada no Concello da Coruña e en situación de desemprego.

### 2.2. Pensionista.

#### Requisitos

A persoa solicitante deberá:

- Non ter cumprida a idade de acceso á pensión de xubilación establecida na normativa sobre Seguridade Social.
- Percibir unha pensión.
- Estar empadroadada no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses.
- Ter uns ingresos, na última declaración presentada do Imposto sobre Renda das Persoas Físicas, que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo.

#### Documentación

- DNI orixinal
- Declaración responsable de que cumpren os requisitos, que autorizan ao Concello da Coruña ao acceso aos datos do Instituto Nacional da Seguridade Social de da Axencia Estatal de Administración Tributaria necesarios para comprobar que se cumpren estes requisitos e do número de membros que forman a unidade familiar á que pertence, segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución.

Este perfil social de pensionista ten unha validez dun ano, sempre que a persoa continúe a estar empadroadada no Concello da Coruña e continúe a cumprir os restantes requisitos.

### 2.3. Xubilación.

#### Requisitos

A persoa solicitante deberá:

- Ter cumprida a idade de acceso á pensión de xubilación establecida na normativa sobre Seguridade Social (en caso de non a ter cumprida a persoa solicitante ou o seu cónxuxe, tramitarábase como perfil de pensionista).
- Estar empadroadada no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses.

- Ter uns ingresos que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo.

#### Documentación

- DNI orixinal.
- Declaración responsable de que cumpren os requisitos, que autorizan ao Concello da Coruña ao acceso aos datos do Instituto Nacional da Seguridade Social de da Axencia Estatal de Administración Tributaria necesarios para comprobar que se cumpren estes requisitos e do número de membros que forman a unidade familiar á que pertence, segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución.

Este perfil de persoa xubilada ten validez mentres se sigan a cumprir os requisitos citados anteriormente.

#### 2.4. Diversidade funcional.

##### Requisitos

A persoa solicitante deberá:

- Estar empadroada no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses.
- Ter uns ingresos, na última declaración presentada do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo.
- Ter recoñecida polo órgano competente da Xunta de Galicia un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

##### Documentación

- DNI orixinal.
- Declaración responsable de que cumpren os requisitos, que autorizan ao Concello da Coruña ao acceso aos datos do Instituto Nacional da Seguridade Social de da Axencia Estatal de Administración Tributaria necesarios para comprobar que se cumpren estes requisitos e do número de membros que forman a unidade familiar á que pertence, segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución.
- Orixinal do certificado do grao de discapacidade ou tarxeta da Xunta de Galicia que indique o grao de discapacidade ou resolución, sempre que conste Incapacidade Permanente Total/Absoluta/Grande invalidez sen condicionar e non será válida cando conste "Para a súa profesión habitual).

Esta tarxeta ten unha validez dun ano, sempre que a persoa titular se manteña empadroada no Concello da Coruña e continúe a vixencia do certificado de discapacidade. Para a súa renovación, a persoa titular deberá presentar unha declaración responsable de que seguen a cumprirse os requisitos segundo o modelo que figura nos anexos a esta resolución. No caso de vencemento da data do certificado do grao de discapacidade provisional, deberá achegar un novo certificado.

#### 2.5. Escolar.

Tanto para a obtención por primeira vez da Tarxeta Millennium, como para os que xa a obtivesen con anterioridade

##### Requisitos

A persoa solicitante deberá:

- Estar empadroada, tanto a solicitante, como o resto de membros da unidade familiar, no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses.
- Ter unha xornada lectiva mínima de 12 horas semanais.
- Ter entre 13 e 25 anos de idade. Tamén terá dereito, sempre e cando cumpra os demais requisitos, con independencia da súa idade, o alumnado da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), así como o alumnado que curse ensinos básicos iniciais da educación para persoas adultas (ESPA) e o alumnado que curse formación profesional polo réxime para as persoas adultas (A) en modalidade presencial, cando o horario dos módulos de formación en centro educativo que lles resten para rematar o ciclo formativo (con excepción de ser o caso do módulo de proxecto) non chegue ás 12 horas, sempre que se matricule da totalidade deles.
- Ter unha renda, na última declaración presentada do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, anual inferior a:
  - 40.000 € por unidade familiar, máis 5.000 euros máis por cada fillo/a, excluída a solicitante.
  - 24.000 € por familia monoparental, máis 3.000 euros máis por cada filla/o, excluída a solicitante.

## Documentación

- Certificado expedido pola Secretaría do Centro no que está matriculado, se a persoa solicitante é maior de 16 anos de idade, no que conste o número de horas lectivas e a finalización do curso, para aqueles alumnos que se matriculen na modalidade semipresencial, 2º de bacharelato ou por módulos presencial por materias. Non se admitirán as reservas de praza ou as solicitudes de matrícula.
- Declaración responsable de cumprir os requisitos de renda e do número de membros que forman a unidade familiar á que pertence e autorización para a consulta dos datos.

Esta tarxeta ten unha validez anual a partir do momento da concesión para as persoas menores de 16 anos. Para as maiores, a validez será ata finalizar o curso académico, sempre que continúe empadroada no Concello da Coruña.

### 2.6. Menor de 13 anos.

#### Requisitos

A persoa beneficiaria deberá:

- Ser maior de catro anos e menor de trece. Os nenos e nenas menores de catro anos accederán ao autobús sen tarxeta, de forma gratuíta.
- Estar empadroados no Concello da Coruña cunha antigüidade mínima de seis meses, tanto a persoa beneficiaria como os membros da unidade familiar.

#### Documentación

- DNI orixinal do pai, nai ou persoa que exerza a tutela legal e o DNI propio en caso de que o posúa.

Esta perfil social ten validez ata o día en que a persoa beneficiaria cumpra a idade de 13 anos.

### 2.7. Universitario.

#### Requisitos

- Estar incluída na listaxe de beneficiarias da convocatoria anual que corresponda resoltas pola Universidade da Coruña.
- Ser titular dunha Tarxeta Millennium.

## 3. NORMAS XERAIS DE INTERPRETACIÓN.

O acceso aos datos que posúan outras administracións e que o Concello da Coruña deba comprobar para asegurar a realidade das declaracións responsables presentadas e que as persoas solicitantes cumpren os requisitos para gozar do perfil social correspondente, realizarase por persoal debidamente autorizado, exclusivamente para a solicitude que se está tramitando. A declaración responsable que a persoa solicitante presente deberá incluír a autorización para acceder a eses datos. No caso de que o nivel de renda sexa requisito, a autorización debe incluír a todos os membros da unidade familiar.

No momento de presentar a solicitude, en caso de que a persoa presente toda a documentación xustificativa segundo o establecido nestas normas, outorgarase automaticamente o perfil social solicitado. O Concello verificará posteriormente a realidade do declarado pola persoa solicitante. En caso de comprobar a falsidade do declarado, poñerase en coñecemento da persoa en cuestión a través dos medios declarados (teléfono móbil e/ou correo electrónico) para que desactive o perfil social autorizado nun caixeiro da entidade colaboradora ABANCA. En caso de non atender este requirimento no prazo de 48 horas, o Servizo de Mobilidade Urbana procederá a desactivar o perfil e/ou ao bloqueo da tarxeta, sen prexuízo da posibilidade de apertura de procedemento sancionador.

Se por calquera circunstancia non se puidese acceder aos datos que constan noutras administracións da persoa solicitante e/ou dos restantes membros da unidade familiar, poñerase en coñecemento da persoa solicitante a través dos medios declarados para que achegue os documentos necesarios. O prazo para a presentación será de dez días hábiles que se contarán desde o seguinte ao da comunicación. Se non se atendese o requirimento, será automaticamente anulado o perfil social.

En caso de que se tramitase simultaneamente alta nova con perfil social, e a persoa solicitante non tivese dereito ao mesmo, exixirase o aboamento da taxa.

## 4. ESPECIALIDADES.

### 4.1. Especialidades na concesión do perfil social Escolar.

Para obter a Tarxeta Millennium con perfil Escolar, cómpre non superar determinada renda por unidade familiar. No caso do matrimonio con réxime de separación de bens atenderase á suma das rendas de todos os membros da unidade familiar.

En casos de separación, divorcio, parellas de feito ou parellas que non teñan a consideración de parellas de feito, atenderase á renda do pai ou nai coa que conviva a persoa solicitante e a dos demais membros desta unidade familiar.

Nos casos de que o pai ou a nai tributen pola renda no estranxeiro:

- Declaración responsable de cumprir os requisitos e autorización de acceso aos datos para a proxenitora que tributa en España e documentación orixinal para a que tributa no estranxeiro, se é necesario sumar ambas rendas. Se non, orixinal da persoa que tributa no estranxeiro.

Cando se trate de persoas menores acollidas, exixirase informe que xustifique o acollemento para a concesión do perfil social Escolar.

#### **4.2. Especialidades na concesión do perfil social de desemprego.**

Non poderán acceder a este perfil as persoas inscritas nos rexistros do Servizo Público de Emprego (ou similares) incursas nalgunha destas situación:

- Alta por mellora de emprego.
- Alta como demandante doutros servizos.
- Suspensión por cobertura aprazada.
- Suspensión por causa de obrigas familiares sen intermediación.
- Alta por reanudación-compatibilidade da prestación (de ser o caso en que manifeste que non está traballando, deberá xustificalo achegando informe de vida laboral).
- Programas de colaboración social.
- Baixa por xubilación.

Gozar do perfil social de desemprego sen ter dereito a el pode dar lugar á apertura dun expediente sancionador e á exixencia do aboamento das cantidades descontadas.

Si serán concedido o perfil a aquelas persoas inscritas no Servizo Público de Emprego nas seguintes situación (ou similares).

- Suspensión por causa de paternidade, maternidade, adopción, incapacidade temporal e demais situación análogas.
- Alta por reactivación de suspensión.
- Por non constar que haxa rexeitamentos a ofertas ou acción de orientación, inserción e formación.
- Suspensión con intermediación por proceso de orientación/Suspensión por incapacidade temporal sen intermediación.
- Suspensión por obrigas familiares con intermediación/Suspensión sen intermediación por saída ao estranxeiro.
- Suspensión por causa suspensión por tribunal médico pendente con intermediación.
- Suspensión pola causa maternidade/paternidade, adopción ou acollemento sen intermediación.
- Recuperación da baixa errónea.
- Alta polo paso de demanda de emprego.
- Alta por inscrición.

O Concello resérvase o dereito de solicitar máis documentación da especificada para cada perfil se así o entende para a resolución do expediente.

Esta regulación de concesión e renovación da Tarxeta Millennium, tanto física coma virtual, a través da app Millennium, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e manterase vixente ata a súa modificación.

A Coruña, 9 de marzo de 2022.

A directora da Área de Infraestruturas e Mobilidade

Elvira Quinteiros Lorenzo

## ANEXO

## TARXETA MILLENNIUM

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

## PERFIL SOCIAL DE

## DESEMPREGO

(persoas estranxeiras en situación administrativa irregular que non teñan residencia legal no país)

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI  
....., e domicilio en .....  
....., para os efectos de solicitar o perfil social DE DESEMPREGO da Tarxeta Millennium,

## DECLARO RESPONSABLEMENTE

- Non estar de alta na Seguridade Social, para o caso de persoas estranxeiras en situación administrativa irregular que non teña residencia legal no país.
- Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.

A través deste documento autorizo ao Concello da Coruña a acceder aos datos obrantes no Instituto Nacional da Seguridade Social para a comprobación de que se cumpren estes requisitos.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante

**ANEXO**  
**TARXETA MILLENNIUM**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**PERFIL SOCIAL DE**  
**DESEMPREGO**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., e domicilio en ....., para os efectos de solicitar o perfil social DE DESEMPREGO da Tarxeta Millennium,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

1. Que estou inscrita/o nos servizos públicos de emprego nalguna destas circunstancias:

- Suspensión por causa de paternidade, maternidade, adopción, incapacidade temporal e demais situación análogas.
- Alta por reactivación de suspensión.
- Por non constar que haxa rexeitamentos a ofertas ou acción de orientación, inserción e formación.
- Suspensión con intermediación por proceso de orientación/suspensión por incapacidade temporal sen intermediación.
- Suspensión por obrigas familiares con intermediación/Suspensión sen intermediación por saída ao estranxeiro.
- Suspensión por causa suspensión por tribunal médico pendente con intermediación.
- Suspensión pola causa maternidade/paternidade, adopción ou acollemento sen intermediación.
- Recuperación da baixa errónea.
- Alta polo paso de demanda de emprego.
- Alta por inscrición.

2. Que NON estou inscrito/a por ningunha destas circunstancias:

- Alta por mellora de emprego.
- Alta como demandante doutros servizos.
- Suspensión por cobertura aprazada.
- Suspensión por causa de obrigas familiares sen intermediación.
- Alta por reanudación-compatibilidade da prestación (de ser o caso en que manifeste que non está traballando, deberá xustificalo achegando informe de vida laboral).
- Programas de colaboración social.
- Baixa por xubilación.

3. Que cumpro o resto de requisitos establecidos para obter a Tarxeta Millennium con perfil de desemprego nas normas reguladoras.

4. Que dispoño da documentación que así o acredita e que a perei a disposición da Administración cando me sexa requirida.

5. Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.

A través deste escrito, autorizo ao Concello da Coruña a acceder aos meus datos nos servizos públicos de emprego para a comprobación da inscrición nos seus rexistros e na Tesourería Xeral da Seguridade Social para a comprobación do informe de vida laboral.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante

**ANEXO**  
**TARXETA MILLENNIUM**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**PERFIL SOCIAL DE**  
**PENSIONISTA**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., e domicilio en ....., para os efectos de solicitar o perfil social DE PENSIONISTA da Tarxeta Millennium,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Non ter a condición de xubilado/a e cobro unha pensión.
- Ter uns ingresos que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo, na última declaración presentada do Imposto da Renda sobre as Persoas Físicas.
- Que a unidade familiar da que formo parte consta de ..... membros.
- Que dispoño da documentación que así o acredita e que a perei a disposición da Administración cando me sexa requirida.
- Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.

A través deste documento autorizo ao Concello da Coruña a acceder aos datos obrantes no Instituto Nacional da Seguridade Social para a comprobación de que se cumpren estes requisitos.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante



ANEXO  
TARXETA MILLENNIUM  
DECLARACIÓN RESPONSABLE  
PERFIL SOCIAL DE  
XUBILACIÓN

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., e domicilio en ....., para os efectos de solicitar o perfil social DE XUBILACIÓN da Tarxeta Millennium,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Ter cumprida a idade de acceso á pensión de xubilación establecida na normativa sobre Seguridade Social (en caso de non a ter cumprida a persoa solicitante ou o seu cónxuxe, tramitaríase como perfil de pensionista).
- Ter uns ingresos que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo, na última declaración presentada do Imposto da Renda sobre as Persoas Físicas.
- Que a unidade familiar da que formo parte consta de ..... membros.
- Que dispoño da documentación que así o acredita e que a perei a disposición da Administración cando me sexa requirida.
- Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.

A través deste documento autorizo ao Concello da Coruña a acceder aos datos obrantes no Instituto Nacional da Seguridade Social para comprobar que se cumpren os requisitos.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante

**ANEXO**  
**TARXETA MILLENNIUM**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**PERFIL SOCIAL DE**  
**DIVERSIDADE FUNCIONAL**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., e domicilio en ....., para os efectos de solicitar o perfil social DE DIVERSIDADE FUNCIONAL da Tarxeta Millennium,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Ter uns ingresos que non superen en máis do 30% o Salario Mínimo Interprofesional por membro da unidade familiar, na que se inclúen cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ao seu cargo e fillas/os con discapacidade ao seu cargo, na última declaración presentada do Imposto da Renda sobre as Persoas Físicas.
- Que a unidade familiar da que formo parte consta de ..... membros.
- Que dispoño da documentación que así o acredita e que a perei a disposición da Administración cando me sexa requirida.
- Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.
- Que continúa vixente o grado de minusvalía.

A través deste documento autorizo ao Concello da Coruña a acceder aos datos obrantes no Instituto Nacional da Seguridade Social para a comprobación de que se cumpren estes requisitos.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante

**ANEXO**  
**TARXETA MILLENNIUM**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**  
**PERFIL SOCIAL**  
**ESCOLAR**

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI ....., e domicilio en ....., para os efectos de solicitar o perfil social ESCOLAR da Tarxeta Millennium,

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Ter unha renda anual, na última declaración presentada do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas inferior a:
  - 40.000 € por unidade familiar, máis 5.000 euros máis por cada fillo/a, excluída a solicitante.
  - 24.000 € por familia monoparental, máis 3.000 euros máis por cada filla/o, excluída a solicitante.
- Que dispoño da documentación que así o acredita e que a porei a disposición da Administración cando me sexa requirida.
- Que a unidade familiar da que formo parte consta de ..... membros.
- Que me comprometo a seguir cumprindo as anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio e a comunicar ao Concello calquera variación neste sentido.

A Coruña, ..... de ..... de .....

O/a declarante

.....

2022/1348